



Confederación Intersindical Galega
ENSINO

INFORMA

Xaneiro 2011

www.cig-ensino.com

Todos e todas na UNIVERSIDADE tamén á folga o día 27 de xaneiro

Tes motivos: non aos recortes que precarizan o emprego nas universidades e deterioran o sistema público de pensións!

Porque os empregados e empregadas públicos/as xa sufrimos unha rebaixa nos nosos salarios para contribuír a solucionar os problemas dos que xeraron a crise

Porque o sistema público de pensións non está en perigo.

Porque as reformas para garantir a continuidade do sistema público de pensións non poden implicar unha pauperización das condicións de vida e da renda dos/as pensionistas que, deste xeito, se vén abocados a unha pobreza estrutural.

Porque esta reforma é un ataque aos traballadores e traballadoras máis novos/as, aos que se condena a unha situación vital peor da que teñen gozado os seus pais e mesmo os seus avós.

Porque coa conxelación das pensións públicas, no 2010, o Estado aforrou 1530 millóns de euros, mentres deixou de recadar 1440 millóns de euros por manter a desgravación fiscal que se aplica a quen pode contratar pensións privadas con bancos e aseguradoras.

Porque os que si están en crise son os plans privados de pensións, aos que este recorte público tenta rescatar, obrigando a traballadores/as a destinar parte da súa renda actual a asegurar uns niveis aceptábeis de vida tras a súa xubilación.

Porque o Estado español triplica a media de contratación temporal precaria de Europa e as Universidades participan dese modelo de precarización. Estes traballadores e traballadoras temporais nunca chegarán aos 35 anos para cobrar o 100% da pensión e teranse que xubilarmos máis tarde e cobrar menos.

Porque o drástico recorte no financiamento universitario que impón o novo Plan de Financiamento da Xunta de Galicia vai levar a políticas de axuste do cadro de persoal

das Universidades.

Porque a paralización dos programas de recursos humanos da Xunta sitúa os nosos investigadores e a Universidade no seu conxunto nunha situación aínda máis precaria.

Porque a precariedade está instalada nas políticas de recrutamento das Universidades con contratos lixo e inestábeis, impedindo a consolidación dun sistema universitario que cumpra o papel que debe ter nunha sociedade do coñecemento.

Porque o Documento de financiamento, aprobado polo Consello de Universidades e a Conferencia Xeral de Política Universitaria (26.4.2010), anuncia a necesidade de recortes no cadro de profesorado xa que "Es necesario aprovechar la actual situación

económica de maneira que en el periodo 2010-2013 se acometan las reformas que son imprescindibles para que las universidades ocupen el puesto que les corresponde en la nueva sociedad y economía del conocimiento: (...) una distribución del profesorado por ramas de conocimiento poco equilibrada que provoca en algunos casos exceso de profesorado para el desempeño de funciones docentes".

Porque o proxecto de Estatuto do PDI abre as portas á compatibilización do exercicio en universidades públicas e privadas, á precarización do emprego con dobre docencia en máis dunha universidade e á segmentación do profesorado con carreiras só docentes, xestoras ou investigadoras

Porque a reforma laboral tamén lle afecta ao PDI.

Por todo isto, a CIG fai un chamamento ao profesorado universitario para secundar a folga do día 27 de xaneiro e as mobilizacións convocadas nesta xornada.

<http://folgaxeral.galizacig.com/>



Vigo.- Ás 12h dende o Cruce da Doblada
A Coruña.- Ás 12h na Praza de Vigo
Cee.- Ás 12h na Praza do Concello
Pontevedra.- Ás 12h na Praza da Ferrería
Vilagarcía.- Ás 12h na Casa do Mar
Ferrol.- Ás 12,30h Av. de Esteiro (diante dos locais da CIG)
Compostela.- Ás 12,30h na Praza Roxa
Lugo.- Ás 12h Ronda da Muralla, 58 (Local CIG)
Burela.- Ás 12h Arcadio Pardiñas, 137 (Local CIG)
Ourense.- Ás 12h no Pavillón dos Remedios
Verín.- Ás 11:30h na Praza do Concello
Xinzo.- Ás 11:30h na Praza do Concello